

ACTA NÚMERO: 19/2026

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 14 DE MAIO DE 2026.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 14 de maio de 2026 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona María Beatriz del Cerro del Río, Vicesecretaria.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa de Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais
- Dona Carmen de Peña Vidal, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 7 de maio de 2026 (Reunión 18/2026).
2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Awanta Producciones S.Coop.Galega (F13811179) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación de dúas actuacións do grupo "The Crass" con cargo ao programa "+Música 2026". (Expte.- 2026023121).
3. Dar conta da oferta presentada pola empresa Seispés Producións Creativas, SL (B70328745) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación de tres actuacións do grupo "Mondra2 con cargo ao programa "+Música 2026". (Expte.- 2026022844).
4. Dar conta da oferta presentada pola empresa Oracle Ibérica, SRL (B78361482) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación do mantemento do aplicativo xestor de base de datos Oracle. (Expte.- 2026013691).
5. Dar conta da oferta presentada pola Fundación Terra Termarun Castrolandín (NIF: G36375715) no procedemento negociado e con exclusividade convocado para a contratación do servizo para a itinerancia da exposición "A cerámica castrexa en Galicia: investigación e recuperación" no marco do programa Trazas de Pontevedra. (Expte.- 2025065057).
6. Dar conta da oferta presentada por LUCIA PEREZ VIZCAINO(34268298T) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación de tres actuacións do grupo Lucía Pérez con cargo ao Programa "+Música 2026". (Expte.- 2026022253).
7. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcaei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada". (Expte.- 2025071786).
8. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo para a elaboración do Plan Estratéxico de Transformación Dixital 26 - 30 da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2025066294).
9. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de visitas teatralizadas para o castelo de Soutomaior (Soutomaior, Pontevedra) e do castelo de Sobroso (Mondariz, Pontevedra) da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025073243).
10. Apertura electrónica dos sobre "B", correspondente á proposta avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de visitas teatralizadas para o castelo de Soutomaior e do castelo de Sobroso da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025073243).
11. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do programa deportivo Entre Pontes Trail & Running da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026001111).
12. Apertura electrónica dos sobre "B" do lote nº 1, correspondente á proposta avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do programa deportivo Entre Pontes Trail & Running da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026001111).
13. Apertura electrónica dos sobre "B" do lote nº 2, correspondente á proposta avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do programa deportivo Entre Pontes Trail & Running da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026001111).



14. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento e soporte técnico para o equipamento informático asociado ao proxecto "TOURIST INSIDE RÍAS BAIXAS" da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026007856).
15. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondente á á proposta avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de mantemento e soporte técnico para o equipamento informático asociado ao proxecto "TOURIST INSIDE RÍAS BAIXAS" da Deputación de Pontevedra.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

- *Anulación de proposta de adxudicación do contrato, e retroacción das actuacións ata o momento da valoración das ofertas avaliadas mediante criterios automáticos, no procedemento aberto convocado para contratación da "Subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe" (Expte.- 2025052299)*

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 7 de maio de 2026 (Reunión 18/2026).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión, votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 7 de maio de 2026 (Reunión 18/2026).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Awanta Producciones S.Coop.Galega (F13811179) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación de dúas actuacións do grupo "The Crass" con cargo ao programa "+Música 2026". (Expte.- 2026023121).

Por Resolución Presidencial número 2026003495 de data 04/05/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de dúas actuacións do grupo The Crass con cargo ao programa +Música 2026.

Na citada resolución procedeuse a invitar á empresa Awanta Producciones, S.Coop.Galega (CIF F13811179), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 05/05/2026.

A empresa Awanta Producciones, S.Coop.Galega (CIF F13811179) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.



A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	18.000,00 €
IVE (21 %)	3.780,00 €
Importe ofertado con IVE	21.780,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Awanta Producciones, S.Coop.Galega (CIF F13811179), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo The Crass con cargo ao programa +Música 2026.

3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Seispés Producións Creativas, SL (B70328745) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación de tres actuacións do grupo “Mondra2 con cargo ao programa “+Música 2026”. (Expte.- 2026022844).*

Por Resolución Presidencial número 2026003412 de data 30/04/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de tres actuacións do grupo Mondra con cargo ao programa +Música 2026.

Na citada resolución procedeuse a invitar á empresa Seispés Productions Creativas, S.L. (CIF B70328745), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 30/04/2026.

A empresa Seispés Productions Creativas, S.L. (CIF B70328745) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	35.250,00 €
IVE (21 %)	7.405,50 €
Importe ofertado con IVE	42.652,50 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Seispés Productions Creativas, S.L. (CIF B70328745), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo Mondra con cargo ao programa +Música 2026.

4. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Oracle Ibérica, SRL (B78361482) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación do mantemento do aplicativo xestor de base de datos Oracle. (Expte.- 2026013691).*



Por Resolución Presidencial RP2026003281 de data 27/04/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do mantemento do aplicativo Xestor de Base de Datos Oracle.

Na citada resolución procedeuse a invitar á empresa Oracle Ibérica, S.R.L. (CIF B78361482), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 28/04/2026.

A empresa Oracle Ibérica, S.R.L. (CIF B78361482) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	25.727,50 €
IVE (21 %)	5.402,78 €
Importe ofertado con IVE	31.130,28 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Oracle Ibérica, S.R.L. (CIF B78361482), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do mantemento do aplicativo Xestor de Base de Datos Oracle.

5. *Dar conta da oferta presentada pola Fundación Terra Termarun Castrolandín (NIF: G36375715) no procedemento negociado e con exclusividade convocado para a contratación do servizo para a itinerancia da exposición “A cerámica castrexa en Galicia: investigación e recuperación” no marco do programa Trazas de Pontevedra. (Expte.- 2025065057).*

Mediante Resolución Presidencial número 2026003541, de data 5 de maio de 2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da contratación do “servizo para a itinerancia da exposición “A cerámica castrexa en Galicia: investigación e recuperación”, no marco do programa Trazas de Pontevedra”, cun orzamento máximo de licitación de 73.710,00 €, exento de IVE.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar á Fundación Terra Termarun Castrolandín (NIF: G36375715) a presentar proposición, no caso de estar interesado, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que se produce o día 7 de maio de 2026.

A Fundación Terra Termarun Castrolandín (NIF: G36375715) presentou a correspondente proposición, con data 8 de maio de 2026, e unha vez examinada a documentación, resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:



Importe ofertado, exento de IVE*	73.710,00 €
----------------------------------	-------------

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola Fundación Terra Termarun Castrolandín (NIF: G36375715), no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para contratación do “servizo para a itinerancia da exposición “A cerámica castrexa en Galicia: investigación e recuperación”, no marco do programa Trazas de Pontevedra”.

6. Dar conta da oferta presentada por LUCIA PEREZ VIZCAINO (34268298T) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación de tres actuacións do grupo Lucía Pérez con cargo ao Programa “+Música 2026”. (Expte.- 2026022253).

Por Resolución Presidencial número 2026003529 de data 5/05/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de tres actuacións do grupo Lucía Pérez con cargo ao programa +Música 2026.

Na citada resolución procedeuse a invitar a Lucía Pérez Vizcaíno (NIF 34268298T), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 6/05/2026.

Lucía Pérez Vizcaíno (NIF 34268298T) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	29.727,27 €
IVE (21 %)	6.242,73 €
Importe ofertado con IVE	35.970,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada Lucía Pérez Vizcaíno (NIF 34268298T), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo Lucía Pérez con cargo ao programa +Música 2026.

7. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada”. (Expte.- 2025071786).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 16 de xaneiro de 2026, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato para execución da obra “Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada”.



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de xaneiro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 12/02/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcaei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada")"

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
- ORESA ASFALTOS, S.A.

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 24 de marzo de 2026, elaborou un informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	18,00	3,00	21,00
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	20,00	2,00	22,00
HORDESCON, S.L.	10,00	2,00	12,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	1,00	19,00
NAROM, S.L.	16,00	3,00	19,00
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	12,00	1,00	13,00
ORESAS ASFALTOS, S.A.	14,00	2,00	16,00



A Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, de data 24 de marzo de 2026, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcaei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada”.

A empresa Hordescon, S.L non acadou unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliábles mediante fórmulas, polo que de conformidade co establecido nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado, debe de ser excluída deste procedemento.

A Mesa de Contratación na súa reunión de data 26/03/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliábles mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	704.855,03 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	732.976,23 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	729.661,16 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	738.617,07 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	763.668,99 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	761.263,34 €	3,00%	36 MESES	SI	NON
ORESAS ASFALTOS, S.A.	823.395,44 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U, de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.



A empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U, presentou dentro do prazo, a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2026030139) xustificación da súa oferta, dando traslado da mesma ós Servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas para que emitiran o preceptivo informe.

Consta no expediente con CSV: P40A252S22UKTL0J informe do Director do Servizo de Infraestruturas, no que se recolle o seguinte: "...e considera que a empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SL NON xustifica suficientemente a oferta económica con valores anormais ou desproporcionados (baixa temeraria) presentada, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra...."

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentadas polas empresas admitidas neste procedemento procedeuse á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	37,60	5,00	5,00	5,00	52,60
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	38,82	5,00	5,00	5,00	53,82
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	35,52	5,00	5,00	5,00	50,52
NAROM, S.L.	26,14	5,00	5,00	5,00	41,14
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	27,10	5,00	5,00	5,00	42,10
ORESA ASFALTOS, S.A.	2,44	5,00	5,00	5,00	17,44

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor o órgano de contratación excluír deste procedemento a oferta presentada pola empresa HORDESCON S.L., pois non acadou unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,50 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas, polo que de conformidade co establecido nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.
2. Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SL., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
3. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcaei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada" que queda da seguinte forma:



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	22,00	53,82	75,82
2	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	21,00	52,60	73,60
3	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	19,00	50,52	69,52
4	NAROM, S.L.	19,00	41,14	60,14
5	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	13,00	42,10	55,10
6	ORESA ASFALTOS, S.A.	16,00	17,44	33,44

4. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada” á empresa FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L., (B15009533) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado729.661,16 €
 IVE (21%)153.228,84 €
 Importe Total882.890,00 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L., (B15009533), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 65) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

5. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares



- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- b) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato
- Planta para a fabricación de formigóns bituminosos (mesturas bituminosas en quente) cunha capacidade mínima de 100 toneladas á hora que non diste máis de 100 km por estrada da obra.
 - Equipo de extensión de mesturas bituminosas en quente
- c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 36.483,06 €

8. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo para a elaboración do Plan Estratéxico de Transformación Dixital 26 - 30 da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2025066294).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria do 6 de marzo de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “servizo para a elaboración do Plan Estratéxico de Transformación Dixital 26-30 para a provincia de Pontevedra”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 12 de marzo de 2026. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas que rexen este procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 1 de abril de 2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e, a continuación, á apertura dos sobres “B”, correspondentes á proposta avaliable mediante xuízos de valor.

Unha vez descargada e revisada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acordou admitir ás seguintes empresas:

- DELOITTE CONSULTING, S.L.U. (NIF: B-81690471)
- KPMG ASESORES, S.L. (NIF: B-82498650)
- NTT DATA SPAIN, S.L.U. (NIF: B-82387770)



Así mesmo, acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B”, presentada polas referidas empresas, ao persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

A xefa do servizo de Novas Tecnoloxías, con data 22 de abril de 2026, emitiu informe de valoración dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor con CSV: HW4FPN2G2P2X3AQY, sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUIZOS DE VALOR		Máximo	DELOITTE	NTT DATA	KPMG
Características da prestación dos servizos	Capacidade de comprensión e diagnose da realidade dixital da provincia	8,000	6,000	5,000	7,500
	Comparación estruturada coa referencia doutras administración públicas e identificación de tendencias e boas prácticas en materia de transformación dixital	8,000	6,500	6,000	7,000
	Definición dos eixos estratéxicos e criterios de priorización	8,000	6,000	4,000	7,500
	Idoneidade da conversión da estratexia nun plan de actuación calendarizada	8,000	6,000	4,000	7,000
TOTAL CARACTERÍSTICAS DA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS		32,000	24,500	19,000	29,000
Control do servizo	Órganos de dirección do proxecto e modelo de gobernanza	3,000	2,000	2,000	3,000
	Metodoloxía de seguimento e control do servizo	5,000	3,000	2,500	4,000
	Plan de traballo	6,000	4,000	4,000	3,500
	Plan de calidade	3,000	2,000	2,000	3,000
TOTAL CONTROL DO SERVICIO		17,000	11,000	10,500	13,500
TOTAIS		49,000	35,500	29,500	42,500

En base a dito informe, a Mesa de Contratación na sesión do día 30 de abril de 2026, prestou conformidade ás puntuacións acadadas, e procedeu á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliábles mediante fórmulas. Os valores ofertados foron os seguintes:



DELOITTE CONSULTING, S.L.U. (NIF: B81690471)

1.- Prezo total ofertado:

Importe total, sen o IVE	90.275,70 €
IVE (21 %)	18.957,90 €
Importe total. IVE engadido	109.223,60 €

2.- Compromiso de aplicación no obxecto do contrato dun sistema de xestión ambiental UNE – EN ISO 14001 ou equivalente:

☒ Oferta compromiso de aplicación no obxecto do contrato dun sistema de xestión ambiental UNE – EN ISO 14001 ou equivalente.

☐ Non oferta compromiso de aplicación no obxecto do contrato dun sistema de xestión ambiental UNE – EN ISO 14001 ou equivalente.

